

CAMIÑAR FORA DA POLÍTICA

Manuel Herminio Iglesias

O nacionalismo galego, despois das últimas eleccións municipais, abriu un debate sobre o seu futuro. Sobre a liña ideolóxica, a forma de organizarse e tamén de comunicarse coa sociedade. Pero o triste deste debate é que farase deixando tras de sí referentes políticos arrimados dende hai un tempo. O resultado das autonómicas que levaron a Feijoo ao poder, trouxo como consecuencia a despedida de Quintana. E como se fose el o responsable único, ou o chivo expiatorio daquela derrota, este referente quedou relegado ao ostracismo absoluto polo que, silenciosamente, preferiu deixar o protagonismo e, en breve, será un simple militante de base. Vaise da política activa a experimentar novos camiños fóra da vida pública.

A vida partidaria en xeral, moitas veces, é tremendamente dura e cainita. Logo estas no cumio e eres o referente a seguir, logo baixas, pois os que esperan a túa caída para subir, denóstante para que tomes o camiño do medio e te apartes. A ambición humana é así.

O mundo nacionalista galego é un tanto complexo e vive nunha adolescencia política da que non é capaz de fuxir. Vive nunca burbulla que non lle permite ver máis aló das loitas ideolóxicas internas, sen decatarse que a sociedade quere líderes naturais non artificiais. Persoas capaces de unir, de transmitir e ilusionar a unha sociedade que está orfa dun proxecto galego amplo, realista e con futuro. Vive sin ser capaz de atraer a unha maioría social que ansía unha oferta electoral que, deixando a utopía para outros tempos, teña unha liña política que fuxa do vitimismo e, consecuentemente, aspire a chegar a sectores sociais que hoxe son esquivos a súa mensaxe. Pero para iso ten que rachar coa errada idea de que soamente son nacionalistas os que están e votan a esta opción.

En máis dunha ocasión manifestei o atraso para as teses nacionalistas ao circunscribir soamente esta opción aos sectores da esquerda e ao concepto de emancipación dos pobos. Facer unha lectura errada dos problemas da sociedade é unha constante neste mundo tan endogámico. Lectura que se fai unida soamente ao servizo dunha ideoloxía política. E a sociedade actual é moito máis ampla e complexa ca que se nos quere debuxar. Estamos en democracia e os pobos son o que queren ser. E por moito que nos digamos que queremos liberar a unha colectividade, ten que ser a súa vontade expresada libremente a que tome a decisión.

Quintana, na súa forma de ver a política, tentou facer un nacionalismo práctico, aberto e útil para a sociedade galega. Tentou, como xa o fixeran outros, modernizar unha alternativa que a día de hoxe está un tanto obsoleta. E non foi comprendido. Agora, vaise á vida privada a demostrar que, como dixo publicamente, tamén hai vida fora da política.

O nacionalismo perde a un líder natural que adicou, posiblemente os mellores anos da súa vida a defender Galiza. Pero o nacionalismo está a deixar aparcados a moitos Quintanas que traballaron por facer de Galiza un país con futuro. Que adicaron horas e horas a loitar por unha terra e que, pola cerrazón e pouca visión de futuro, tiran polo camiño do medio e poñense a un lado,

sendo todos tan necesarios. Bo será que os dirixentes actuais reflexionen para, que nun futuro inmediato, non queden de lado ou se perdan máis activos humanos, pois a andaina que lle espera a os nacionalistas nesta terra será longa e para esta obra colectiva todos somos necesarios.